



CONVOCATORIA DE PROBA PARA DOUS CONTRATOS EN PRÁCTICAS NA CATEGORÍA LABORAL REPORTEIRO GRÁFICO EN TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A.

CATEGORÍA LABORAL

Reporteiro gráfico.

EMPRESA

Televisión de Galicia, S.A.

TIPO DE CONTRATO LABORAL

Contrato de traballo en prácticas.

DEFINICIÓN DE CATEGORÍA LABORAL

Ten coñecemento xeral, teórico e práctico, dos conceptos e xéneros informativos.
Ten responsabilidade directa da toma e rexistro de imaxe e son sobre calquera tipo de soporte.

Traballa en equipo, individualmente ou con axudante, dependendo da tarefa a desenvolver, frecuentemente sen guión e, en todo caso, en colaboración co realizador e co redactor. É da súa competencia a supervisión do material técnico disposto pola empresa, dependendo do traballo que teña que realizar.

Capta a parte gráfica das informacións e desprázase ó lugar das novas con cámaras autónomas.

Realiza o mantemento rutinario e o coidado do equipo.

É responsable do equipo, montaxe e desmontaxe.

REQUISITOS

Posuír Ciclo Superior de Imaxe / Iluminación, captación e tratamento de imaxe.

Tamén é requisito estar en posesión do carné de conducir B.

Os/as aspirantes deberán posuír os requisitos académicos solicitados en data non posterior á da data de finalización de inscrición neste proceso selectivo.

Os aspirantes deberán cumprir coa normativa vixente respecto ás esixencias para poder traballar en España. Para a presentación a esta proba deberán traer o DNI ou outro documento acreditativo da súa personalidade.

O tribunal pode solicitar a acreditación dos requisitos durante este proceso de selección.

CONDICIÓNS DO CONTRATO DE TRABALLO EN PRÁCTICAS

Ser menor de trinta anos ou, de non ser así, que non transcorreran máis de cinco anos desde a obtención do título requirido, sete no caso de minusvalía por riba do 33%.

A duración do contrato non poderá ser inferior a seis meses nin exceder de dous anos. Ningún traballador/a poderá estar contratado en prácticas na mesma ou distinta empresa por tempo superior a dous anos en virtude da mesma titulación ou certificado de profesionalidade. Tampouco se poderá estar contratado en prácticas na mesma empresa para o mesmo posto de traballo por tempo superior a dous anos, aínda que se trate de distinta titulación.

O período de proba será dun mes.

A retribución do traballador/a será, segundo convenio colectivo vixente, do 70% do salario fixado na categoría laboral para o primeiro ano e do 85% para o segundo.

TRIBUNAL

Fernando Usunáriz Nieto, reporteiro gráfico de TVG (presidente)

Armando Duarte Sánchez, reporteiro gráfico de TVG

María Xesús Vázquez López, asesora lingüista de TVG

Paulino Novo Folgueira, Xefe de Formación, Selección e Coordinación Lingüística (secretario).

PRINCIPIOS DE ACTUACIÓN DO TRIBUNAL

Os membros do tribunal comprométese a garantir os principios contitucionais de igualdade, mérito e capacidade, ademais dos de publicidade e transparencia. Igualmente se comprometen a garantir o segredo das probas.

Os membros do tribunal reciben copia do art. 28.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do Réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.

Os membros do tribunal asinarán declaración de non atoparse incursos en ningún dos motivos previstos de abstención ou recusación unha vez se elabore a listaxe de inscritos.

Os membros do tribunal comprométese a publicar esta convocatoria e as seguintes publicacións do proceso na internet da CRTVG (www.crtvg.es/crtvg/oficina/emprego-e-practicass/ofertas-emprego) e na páxina de FP da Xunta de Galicia.

Os membros do tribunal comprométese a garantir a adaptación que se considere necesaria para a participación nas probas en condicións de igualdade a aspirantes que padezan algunha discapacidade igual ou superior ó 33%, se for o caso.

O asesor lingüista encargárase de poñer a proba de coñecemento de lingua galega e de valorala en exclusividade. O resto de membros do tribunal encargárase de poñer as probas de desenvolvemento teórico e práctico, e de puntualas. O secretario non participará na elaboración das probas nin as puntuará.

INSCRICIÓN

Para a inscrición, os/as aspirantes deberán entregar en Recursos Humanos da CRTVG da súa sede en San Marcos ou enviar ó enderezo proceso.seleccion@crtvg.es un *curriculum vitae* indicando claramente:

1. Que é para este proceso de selección.
2. Nome completo.
3. D.N.I.
4. Teléfono e/ou e-mail de contacto.
5. Posesión do requisito académico solicitado.
6. Data de obtención do requisito académico solicitado.
7. Posesión ou non de CELGA 4.
8. Os/as aspirantes con discapacidade cun grao de minusvalía acreditada igual ou superior ó 33% deberán facer constar se precisan de adaptación de tempo e medios para a realización da proba.

O prazo de inscrición remata o 23 de abril de 2015.

PROBAS

Ás probas poderanse presentar os/as aspirantes que figuren na listaxe definitiva de admitidos.

As probas serán o día 5 de maio de 2015, na sede da CRTVG en San Marcos, Santiago, ás 10:00 h. Os/as aspirantes deberán estar a esta hora na entrada das instalacións da CRTVG.

A valoración de coñecementos farase a través de:

- Proba tipo test (25%). Sen penalización por pregunta mal contestada.
- Proba práctica (75%)

-Proba de lingua galega.

Para acceder ás prazas convocadas e/ou para quedar incluído nunha listaxe de suplentes é necesario ter superado unha nota media entre as dúas probas de 5 sobre 10.

Proba teórica.

A proba teórica consistirá nun cuestionario tipo test sobre as seguintes materias:

- Sinal de vídeo.
- Son.
- Gravación magnética.
- Óptica.
- Colorimetría.
- Iluminación básica.
- Xéneros informativos de televisión

Proba práctica

Consistirá en operar cunha cámara Panasonic DVCPRO.

Proba de lingua galega

Os aspirantes que acrediten a posesión do certificado CELGA 4 non terán que realizar a proba de coñecementos de lingua galega. A proba de coñecementos de lingua galega terá un grao de dificultade consonte ó programa do certificado CELGA 4, e as súas cualificacións serán unicamente de apto ou de non apto. A cualificación de non apto significará a exclusión do proceso.

Se se dese o caso, a posesión do certificado CELGA 4 (con data non posterior á de finalización do prazo de inscrición a este proceso) prevalecerá sobre o resultado obtido na proba.

CRITERIOS DE PRELACIÓN PARA RESOLVER EMPATE

En caso de empate, por haber nesta categoría laboral infrarrepresentación do sexo feminino, seguiranse, por esta orde, os criterios de desempate: 1) A favor da aspirante do sexo feminino. 2) A favor do/a aspirante que tivese maior puntuación na proba práctica. 3) A favor do/a aspirante de maior idade.

ACCESO Ó POSTO DE TRABAJO

Os aspirantes deberán cumprir coa normativa vixente respecto ás esixencias para poder traballar en España. Para a presentación a esta proba deberán traer o DNI ou outro documento acreditativo da súa personalidade.

Os aspirantes seleccionados deberán presentar no momento da sinatura de contrato a acreditación dos requisitos esixidos, con copia compulsada dos títulos ou certificados académicos, e informe de vida laboral.

Os/as aspirantes deberán posuír a capacidade funcional necesaria para o desempeño das funcións que se deriven do correspondente contrato laboral. Só para estes efectos, a Compañía de Radio-Televisión de Galicia poderá esixir ós aspirantes seleccionados someterse a recoñecemento médico realizado polo servizo médico da empresa.

PROTECCIÓN DE DATOS

Ós efectos do disposto na Lei Orgánica 15/1999, de Protección de Datos de Carácter persoal, informámolo de que os datos dos participantes no presente proceso selectivo serán incorporados nun ou varios ficheiros, titularidade da COMPAÑÍA DE RADIO-TELEVISIÓN DE GALICIA (CRTVG) e da súa sociedade TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A., con sede en Bando – San Marcos s/n, 15820 Santiago de Compostela, onde os seus titulares poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dirixindo ó Servizo de Informática solicitude asinada por escrito xunto cunha fotocopia do seu DNI.

A finalidade do tratamento dos devanditos datos, incluídos no seu caso os relativos á saúde, é a xestión do rexistro de solicitudes, a cualificación das probas que poderían comportar a captación de imaxes mediante gravacións, a avaliación dos candidatos e a confección do banco de datos para este ou futuros procesos selectivos, segundo o especificado no convenio colectivo vixente. Así mesmo, os datos básicos identificativos dos participantes poderán ser comunicados mediante a súa exposición nos taboleiros de anuncios e na web corporativa da CRTVG aos efectos de dar a publicidade esixida ao procedemento de contratación, así coma ós representantes dos traballadores e ós organismos públicos competentes.

Ós/ás aspirantes daráselles unha folla de consentimento de tratamento de datos.

En Santiago de Compostela, a 14 de abril de 2015.



CRTVG COMPAÑÍA DE
RADIO/TELEVISIÓN
DE GALICIA
Recursos Humanos

Asdo.: Paulino Novo Folgueira
Xefe de Formación, Selección e Coordinación Lingüística